




A bordo
estás protexido

RESPONSABLE
SANITARIO
A BORDO



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA



RESPONSABLE SANITARIO A BORDO


Quen é o responsable sanitario a bordo?

O tripulante que foi nomeado e formado para prestar a primeira atención aos enfermos e feridos a bordo co asesoramento do facultativo que fai a consulta médica por radio.

Por que é necesario o RSB?

Nos buques, como en calquera outro lugar de traballo, pode haber traballadores enfermos ou feridos, sobre todo se temos en conta as condicións de vida e o traballo a bordo: superficies móbiles e escorregadizas, espazos pechados, inclemencias meteorolóxicas, emprego de equipos ou aparellos perigosos, xornadas laborais longas, traballo por quendas, etc.

Para iso hai que engadir o afastamento dos centros de asistencia en terra firme e a ausencia de persoal sanitario a bordo na maioría dos buques.



Cando un tripulante enferma ou se manca a bordo, a súa atención baséase en catro elementos fundamentais:

- A consulta médica por radio.
- A existencia dunha caixa de urxencias reglamentaria a bordo con fármacos e material sanitario para prestar os coidados necesarios.
- A presenza do responsable sanitario a bordo (RSB).
- A disponibilidade da Guía Sanitaria a Bordo como unha ferramenta de apoio á consulta radio-médica.

QUE FORMACIÓN TEN QUE TER O RSB?

A Directiva Comunitaria 92/29/CEE do Consello, do 31 de marzo, establece que o capitán e o traballador (ou traballadores) nos que delegue o uso da caixa de urxencias, deberán recibir unha formación específica e actualízala periodicamente, polo menos cada cinco anos.

No noso país, esta formación, conforme ao Convenio STCW 78/10, é competencia do Instituto Social da Mariña e o seu contido está rexido na Orde PRE/646/2004, do 5 de marzo.

Tipos de formación:

● Formación Sanitaria Específica Inicial:

Destinada aos responsables sanitarios de buques que disponen dunha caixa de urxencias xeral tipo C (ata 60 millas de distancia da costa).

● Formación Sanitaria Específica Avanzada:

Destinada aos responsables sanitarios a bordo de buques que levan caixas de urxencias xeráis tipo A ou B.

*A bordo
estás protexido*



Que coñecementos, habilidades e destrezas debe ter o RSB?

- ●

En xeral, o RSB deberá:

- Estar capacitado para realizar as primeiras medidas de atención aos enfermos e aos feridos.
- Coñecer técnicas elementais de enfermaría (vendaxes, curas, administración de medicamentos, etc.)
- Analizar as medidas de hixiene necesarias a bordo.
- Xestionar o uso e mantemento da caixa ou caixas de urxencia reglamentarias a bordo e a reposición dos seus compoñentes.
- Estar instruído na recopilación de datos, transmisión dos mesmos, recibir os consellos e practicar aquelas manobras diagnósticas e terapéuticas que se lle indiquen a través das consultas radio-médicas. ("Ollos e mans lonxe do médico")

COMO SE PODE ACCEDER Á FORMACIÓN?

Os cursos de formación sanitaria específica nas diferentes modalidades (presencial, online) lévanse a cabo nas Direccións Provinciais do ISM (DDPP) e nos centros Nacionais de Formación Marítima de Bamio e Illa Cristina, así como nos centros privados previamente aprobados polo ISM.

Para solicitar a asistencia aos cursos impartidos polo ISM, terá que dirixirse ás DDPP.

Para máis información pode consultar o seguinte enderezo:

http://www.seg-social.es/Internet_1/Trabajadores/Trabajadoresdelmar/Formacion/FormMarSanitaria/SolicituddeAdmision34092/index.htm



GUÍA SANITARIA
ABORDO



CENTROS PROVINCIAIS DE SANIDADE MARÍTIMA

A CORUÑA Avda. Ramón y Cajal, 2. 15006. Tel: 881 909 800 * ALACANT Moll de Ponent, 2. 03001. Tel: 965 923 971
* ALMERIA Muelle Puerto Pesquero, s/n. 04002. Tel: 950 620 147 * BARCELONA Albareda, 1. 08004. Tel: 934 439 603 * BIZKAIA (Bilbao) Virgen de Begoña, 32. 48006. Tel: 944 739 020 * CADIZ Avda. de Vigo, s/n. 11006. Tel: 956 206 053 * CARTAGENA (Murcia) Paseo Alfonso XII, s/n. 30202. Tel: 968 502 433 * CASTELLÓ Plaza Mikel Peris i Segarra, s/n. 12100. Tel: 964 285 408 * CEUTA Avda. Cañonero Dato, 20. 51001. Tel: 956 500 240 * GIJON (Asturias) Celestino Junquera, 19. 33201 Tel: 985 309 170 * DONOSTIA (Gipuzkoa) Hermanos Otamendi, 13. 20014. Tel: 943 483 574 * HUELVA Avda. Hispanoamérica, 9. 21001. Tel: 959 257 411 * LUGO Ronda Múxico Xosè Castiñeira, 10 Bajo. 27002. Tel: 982 225 010 * MADRID Gatztambide, 85. 28003. Tel: 914 412 530 * MALAGA Pasillo del Matadero, 4 (Puente del Carmen). 29002. Tel: 952 359 361 * MELILLA Avda. de la Marina Española, 7. 52001. Tel: 951 764 378 * ILLES BALEARS (Palma de Mallorca) Moll Vell, 15. 07012. Tel: 971 725 606 * LAS PALMAS DE GRAN CANARIA (Las Palmas) León y Castillo, 322. 35007. Tel: 928 494 645 * CANTABRIA (Santander) Avda. Sotileza, 8. 39009. Tel: 942 319 518 * SEVILLA Fernando IV, 1. 41011. Tel: 954 286 028 * TARRAGONA Francesc Bastos, 19. 43005. Tel: 977 191 000 * SANTA CRUZ DE TENERIFE Avda. de Anaga, s/n. 38001. Tel: 922 598 931 * VALENCIA Avda. del Puerto, 300. 46024. Tel: 963 359 914 * VIGO (Pontevedra) Avda. de Orillamar, 51. 36202. Tel: 986 216 100 * VILAGARCIA DA AROUSA (Pontevedra) Avda. da Mariña, 23. 36600. Tel: 986 568 363

CENTROS LOCAIS DE SANIDADE MARÍTIMA

ALGECIRAS (Cádiz) c/ Del Muro, 11. 11201. Tel: 956 651 656 * AVILES (Gijón) Avda. Conde de Guadalhorce, 97. 33400. Tel: 985 567 403 * BARBATE (Cádiz) Avda. del Generalísimo, s/n. 11160. Tel: 956 430 579 * BERMEO (Bizkaia) Nardiz Tar Benanzio, 7. 48370. Tel: 946 882 972 * BURELA (Lugo) Rosalía de Castro, 20. 27880. Tel: 982 585 813 * CARBONERAS (Almería) Avda. del Faro de Mesa Roldan, 98. 04140. Tel: 950 454 195 * CELEIRO (Lugo) Avda. Gerardo Harguindegay Banet, 7. 27863. Tel: 982 561 561 * CORCUBIÓN (A Coruña) A Viña, 5. 15310. Tel: 981 746 204 * FERROL (A Coruña) Ctra. Alta do Porto, 25. 15401. Tel: 981 357 947 * ISLA CRISTINA (Huelva) Avda. Federico Silva Muñoz, s/n. 21410. Tel: 959 343 863 * MUROS (A Coruña) Porta da Vila, 16. 15250. Tel: 981 826 162 * NOIA (A Coruña) Avda. de la República Arxentina, 21. 15200. Tel: 981 821 500 * ONDARROA (Bizkaia) Ibai-Ondo, 6. 48700. Tel: 944 984 320 * PALMÓS (Girona) Plaça de la Catifa, 3. 17230. Tel: 972 312 178 * PONTEVEDRA Simón Bolívar, 3. 36003. Tel: 986 845 963. ROSES (Girona) Avda. Tarragona, 83. 17480. Tel: 972 154 705 * SANTOÑA (Cantabria) Méndez Núñez, 1. 39740. Tel: 942 660 650 * SANTA UXIA DE RIVEIRA (Vilagarcia da Arousa) Praza dos Mariñeiro, 8. 15960. Tel: 981 870 540



Escanea este código QR
e poderás informarte de todas
as ventaxas de levar un
Responsable Sanitario a bordo.

